

BASES PREMIOS CREA

5ª EDICIÓN / 2020



crea

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS
DA DIRECCIÓN E REALIZACIÓN

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	pág. 2
2.	A ORGANIZACIÓN DOS PREMIOS	pág. 2
3.	CATEGORÍAS	pág. 2
4.	REQUISITOS PARA PARTICIPAR	pág. 3
5.	A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS	pág. 4
6.	AS VOTACIÓNS	pág. 5
7.	A GALA DE ENTREGA	pág. 6
8.	OUTRAS CUESTIÓNS	pág. 7

1.- INTRODUCCIÓN

CREA, Asociación de Profesionais da Dirección e da Realización de Galicia, de acordo cun dos seus obxectivos fundacionais como é o de **promocionar o traballo e as obras** dos directores e realizadores da industria audiovisual galega, convoca a **quinta edición dos PREMIOS CREA**.

Estes premios nacen coa vontade de ser un **recoñecemento público**, por parte dos socios e socias de CREA, daqueles colegas que destacasen nas distintas facetas da dirección audiovisual. E por isto, serán os membros de CREA os que, a través dos seus votos, decidan quen recibe o galardón en cada unha das categorías.

2.- A ORGANIZACIÓN DOS PREMIOS

Para levar a cabo a organización dos premios, formouse unha **comisión de traballo** integrada por **membros da directiva** (Noemí Chantada, Pablo Fontenla, Fon Cortizo, Ángeles Huerta, Pablo Cacheda e Gutier Rolán).

Esta comisión non é algo pechado, de forma que, en caso de haber novos voluntarios, podería ir modificándose a súa composición. Calquera socio/a poderá poñerse en contacto con eles para **propoñer/criticar/aconsellar**, etc. a través do **foro de CREA** ou escribindo directamente ao enderezo presidencia@crea.gal

3.- CATEGORÍAS

3.1 Nesta quinta edición dos PREMIOS CREA, establécense as seguintes categorías:

- MELLOR DIRECCIÓN DE **LONGAMETRAXE DE FICCIÓN**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **LONGAMETRAXE DOCUMENTAL**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **CURTAMETRAXE DE FICCIÓN**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **CURTAMETRAXE DOCUMENTAL**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **OBRA DE ANIMACIÓN**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **SERIE TV**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **SERIE WEB**
- MELLOR DIRECCIÓN/REALIZACIÓN DE **PROGRAMA TV**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **VIDEOCLIP**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **SPOT OU CAMPAÑA PUBLICITARIA**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **OBRA EXPERIMENTAL**
- **PREMIO DE HONRA**

3.2 As categorías poderán ir **modificándose cada ano** para adaptarse á realidade cambiante do noso sector; ou en base aos criterios establecidos pola xunta directiva que estea á fronte da asociación no seu momento.

3.3 Neste ano 2020 decidimos conservar as dúas mencións introducidas en 2017. A **mención especial de Igualdade** e a **mención especial por recoñecemento internacional** motivada polos importantes éxitos do noso cinema no último ano.

4.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR

4.1 O espírito dos premios é o de ser o máis abertos e plurais posible, de forma que poida ser recoñecido calquera director ou directora que forme parte do sector audiovisual galego -no concepto máis amplo da expresión-, e que **estrese algunha obra en Galicia durante o ano anterior.**

Así, poderán participar todos os directores e realizadores que estreasen algunha obra en Galicia dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 6 de xullo de 2020, sempre que a obra non fora presentada na anterior edición dos Premios CREA (no caso de series ou programas de TV terán que ter estreado capítulos novos con respecto aos presentados na edición de 2019), e sempre que se cumpra **polo menos un** dos seguintes requisitos:

- **que o idioma principal da obra sexa o galego**
- **que a obra sexa de produción galega**
- **que o director/a sexa galego/a** (aínda que a produción non o sexa)

4.2 En canto ao tipo de estrea, acéptase **calquera comunicación pública** que fivese lugar nun espazo aberto ao público, que fose emitida por calquera canle de TV ou que fose difundida publicamente por internet.

4.3 En caso de haber máis dun director/a na mesma obra, participarán como **unha candidatura unitaria** todos aqueles que aparezan nos títulos de crédito como directores e/ou realizadores.

4.4 En canto ás distintas categorías, estes son os requisitos:

- 4.4.1 MELLOR DIRECCIÓN DE LONGAMETRAXE DE FICCIÓN
Poderán participar os directores/as de obras de ficción de duración **superior aos 60 minutos.**
- 4.4.2 MELLOR DIRECCIÓN DE LONGAMETRAXE DOCUMENTAL
Poderán participar os directores/as de obras documentais de duración **superior aos 50 minutos.**
- 4.4.3 MELLOR DIRECCIÓN DE CURTAMETRAXE DE FICCIÓN
Poderán participar os directores/as de obras de ficción de duración **inferior aos 60 minutos.**
- 4.4.4 MELLOR DIRECCIÓN DE CURTAMETRAXE DOCUMENTAL
Poderán participar os directores/as de obras documentais de duración **inferior aos 50 minutos.**
- 4.4.5 MELLOR DIRECCIÓN DE OBRA DE ANIMACIÓN
Poderán participar os directores/as de obras de animación, independentemente da súa duración.
- 4.4.6 MELLOR DIRECCIÓN DE SERIE TV

Poderán participar os directores/as de series de TV que emitisen un mínimo de **2 episodios** dende o 1 de xaneiro de 2018.

- **4.4.7 MELLOR DIRECCIÓN DE SERIE WEB**
Poderán participar os directores/as de series que emitisen un mínimo de **2 episodios** dende o 1 de xaneiro de 2018 e que o fixesen **unicamente a través de internet**.
- **4.4.8 MELLOR DIRECCIÓN/REALIZACIÓN DE PROGRAMA TV**
Poderán participar os directores/as e/ou realizadores/as de programas de TV independentemente da súa duración ou periodicidade.
- **4.4.9 MELLOR DIRECCIÓN DE VIDEOCLIP**
Poderán participar os directores/as de videoclips musicais.
- **4.4.10 MELLOR DIRECCIÓN DE SPOT OU CAMPAÑA PUBLICITARIA**
Poderán participar os directores/as de spots publicitarios, tanto se consisten en pezas únicas coma se consisten nunha campaña composta por distintas pezas. Neste último caso, non se poderá presentar cada peza por separado, senón que deberán presentarse **como unha candidatura unitaria**.
- **4.4.11 MELLOR DIRECCIÓN DE OBRA EXPERIMENTAL**
Poderán participar os directores/as de obras audiovisuais de contido experimental, independentemente da súa duración e formato.

4.5. En caso de que, nalgunha categoría, non haxa un **mínimo de dúas candidaturas** presentadas, dita categoría quedará anulada.

4.6 A categoría do PREMIO DE HONRA será escollida polos socios a través dunha votación diferente á do resto de categorías.

5.- A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

5.1 As candidaturas serán presentadas polos **membros de CREA** a través dun **formulario online** enviado ao enderezo presidencia@crea.gal, indicando os seguintes datos:

- **Nome do director/a**
- **Título da obra**
- **Categoría** na que se presenta
- Nome dunha **persoa de contacto** da obra (pode ser o propio socio/a que presenta a candidatura en caso de que teña relación directa coa mesma; ou alguén responsable da obra -director/a ou produtor/a- en caso de que non a teña)
- **Arquivos** ou **ligazóns a páxinas web** que poidan axudar á valoración da obra por parte dos socios/as de CREA (páxinas web onde se poida visionar a peza, páxinas con información sobre a obra, etc).

Os socios/as poderán, polo tanto, presentar **obras propias ou obras das que teñan constancia** que fixeron a súa estrea en Galicia dende o 1 de xaneiro de 2019 e ata o 6 de xullo de 2020.

5.2 En caso de haber **dúbdas** sobre algunha candidatura proposta, a comisión organizadora dos premios poderá pedir **máis información** para asegurarse de que, efectivamente, esa obra cumpre cos requisitos para participar. Se non hai ningún dato claro que indique se se cumpren eses requisitos e, ao mesmo tempo, exista algún dato que **indique o contrario**, a comisión poderá **rexeitar a candidatura**.

De todas formas, **en caso de dúbida, sempre se permitirá a participación**, xa que o espírito dos premios é o de que os socios e socias de CREA teñan a oportunidade de concederlle o seu recoñecemento **a quen libremente consideren**; e o traballo da comisión organizadora é, en definitiva, o de axudar a que os membros da asociación teñan a maior información posible para poder facer a súa valoración.

5.3 A presentación de candidaturas é **gratuíta** e os socios/as poderán presentar **tantas candidaturas como consideren**.

5.4 As mencións especiais serán decididos pola directiva actual de CREA, non obstante, como pode haber traballos que dos que non teñamos constancia, acéptanse suxestións no mesmo mail presidencia@crea.gal , co fin sempre de aportar e entendendo que os criterios poden ser variados.

5.5 Unha vez verificado que as obras presentadas cumpren todos os requisitos, a comisión organizadora fará unha **LISTAXE DEFINITIVA DE CANDIDATURAS** que lles fará chegar aos socios a través do foro.

6.- AS VOTACIÓNS

6.1 As votacións, nas que poderán participar todos os socios de CREA, serán dunha sola rolda. Isto responde ao criterio simplificar as votacións e abrir opcións a todas as candidaturas.

6.1.2 Para poder votar é condición indispensable estar ao día nas cotas da asociación.

6.1.3 O número de nomeados será variado en función das candidaturas.

6.1.4 Unha vez recibidas todas as votacións, estableceranse os gañadores dos premios, que no caso de empate compartirán o premio en cuestión.

6.2 SISTEMA DE VOTACIÓNS

6.2.1 Cada socio poderá votar **unha única vez**.

6.2.2 As votacións efectuaranse a través dun **formulario na web** que se publicará na **ZONA DE SOCIOS** e ao que se accederá co **contrasinal de socio**.

6.2.3 Para poder garantir que cada socio vote unha única vez, cada votación terá que levar o **nome do socio e o seu enderezo electrónico** (o que ten asociado ao

foro de CREA), pero para garantir o anonimato na votación, o contido do voto será recibido **exclusivamente pola comisión**, de forma que ningunha persoa, a excepción deles, poderá ter acceso ao contido dos votos.

6.2.4 A comisión será o encargado das seguintes tarefas:

- **comprobar** que cada socio vota unha única vez
- **comprobar** que os votantes están ao día coas cotas da asociación
- **contabilizar** os votos
- **facer a listaxe** de nomeados
- **preparar un sobre** cos nomes dos galardoados por cada unha das categorías

6.2.5 En caso de recibir máis dunha votación do mesmo socio, a comisión só contabilizará o último voto emitido.

6.3 CALENDARIO

- **23 de xuño, ás 10:00 - APERTURA da recepción de candidaturas.**
- **6 de xullo, ás 23:59 - PECHE da recepción de candidaturas**
- **9 de xullo, ás 10:00 - APERTURA da rolda de votacións.**
- **15 de xullo, ás 23:59 - PECHE da rolda de votacións.**

7.- A GALA DE ENTREGA

6.1 A gala de entrega coincidirá coa **comida anual de socios**, de forma que -gañe quen gañe os galardóns- todos os presentes poidan marchar contentos tras un bo churrasco (ou o que cada un queira comer, por suposto).

6.2 Os datos do **día, hora e lugar** de celebración, serán comunicados aos socios a través do foro coa máxima antelación posible.

6.3 O trofeo consistirá nunha **cunca de almorzo co logo de CREA**. Moi bonita.

6.4 O premio **NON terá compensación económica** ningunha.

6.5 En caso de haber algún premio ex-aequo, entregaranse tantos trofeos como candidaturas premiadas.

8.- OUTRAS CUESTIÓNS

7.1 Nin CREA, nin a xunta directiva nin os membros da comisión organizadora se responsabilizan dos **erros ou omisións** nos datos aportados polos socios que presenten as candidaturas. **Intentarase comprobar** eses datos, pero a organización non pode comprometerse a confirmar a súa exactitude.

7.2 En caso de dúbidas ou conflitos, será a xunta directiva de CREA a encargada de **interpretar estas bases** e de tomar as decisións que considere necesarias, facendo -sempre e en todo caso- a lectura máis favorable aos socios e socias; que son, en último caso, os que lle dan sentido a todo isto.

En Santiago de Compostela, a 23 de xuño de 2020